



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Fonética e Fonoloxía	Código	613436003	
Titulación	Mestrado Universitario en Lingüística e as súas Aplicacións			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma				
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	Proporcionaránselle ao estudante coñecementos básicos sobre os principios, métodos e aplicacións contemporáneos da fonética e a fonoloxía, con fins investigadores e de aplicación en distintas áreas lingüísticas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	O alumnado coñecerá e será capaz de aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística.
A2	O alumnado coñecerá as correntes actuais da lingüística.
A3	O alumnado coñecerá as correntes actuais da lingüística aplicada.
A4	O alumnado será capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos á práctica.
A5	O alumnado adquirirá habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación.
B1	O alumnado desenvolverá habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.
B2	O alumnado será capaz de integrar coñecementos de campos de estudo diversos.
B3	O alumnado aprenderá a aprender, de forma autónoma, como base da súa futura actividade investigadora.
B4	O alumnado será capaz de aplicar os seus coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos ou non familiares en contextos interdisciplinares.
B5	O alumnado adquirirá capacidade para concibir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico.
B6	O alumnado desenvolverá habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.).
B7	O alumnado adquirirá capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B8	O alumnado será capaz de comunicar oralmente e por escrito con claridade os coñecementos teóricos e aplicados do campo de estudo tanto a audiencias expertas como non expertas.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquirir e organizar novos coñecementos (integrándoos nos xa posuídos) sobre as dimensións fonética e fonolóxica das linguas e a súa investigación.	AI1 AI2 AI3	B11 B12 B13 B16	CM6 CM7 CM8
Aplicar os métodos contemporáneos ás análises fonética e fonolóxica, establecendo estratexias de aproximación, diagnóstico e resolución dos problemas plantexados.	AI1 AI4 AI5	B11 B12 B13 B14 B15 B16 B17	CM3 CM6
Organizar e formalizar a información reunida por diferentes vías, e convertila en coñecemento científico.	AI1 AI4 AI5	B11 B15 B16 B17 B18	CM1 CM2 CM3
Seguir e integrar os avances que no eido da lingüística e de calquera outra disciplina científica contribúan ao avance teórico e aplicado da fonética e da fonoloxía, e desenvolver novos coñecementos e aplicacións, contribuindo como investigador ao avance científico e social.	AI1 AI2 AI4	B11 B12 B13 B14 B15 B16 B17 B18	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 CM7 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Principios de fonética articulatória e acústica.	
2. Representacións gráficas do son.	
3. Métodos de análise do son lingüístico.	
4. Descrición fonética dos sons vocálicos e consonánticos.	
5. Análise e descrición doutros fenómenos: ton, melodía, entoación; intensidade; acento; ritmo...	
6. A variación fonética.	
7. Diferenciación fonética e oposición fonolóxica.	
8. A verificación das oposicións fonolóxicas: conmutación e segmentación.	
9. Unidades fonemáticas e alófonos.	
10. Trazos pertinentes e trazos redundantes.	
11. Oposición e contraste. Trazos fonolóxicos inherentes e prosódicos.	
12. Neutralización e xerarquización de oposicións fonolóxicas.	
13. Métodos de análise e descrición fonolóxicas.	
14. Universais fonéticos e fonolóxicos.	

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral		5	12	17
Análise de fontes documentais		1	2	3
Lecturas		0	16	16
Traballos tutelados		0	16	16
Solución de problemas		3	1	4
Estudo de casos		3	1	4
Obradoiro		4	4	8
Proba mixta		0	6	6
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As sesións presenciais suman 16 horas. Aproximadamente a metade delas adicárase a sesións maxistras nas que o profesor transmitirá aos alumnos diferentes contidos apoiándose na análise de casos e problemas concretos.
Análise de fontes documentais	Este será un método de traballo habitual tanto na aula como fóra dela. O estudante debe analizar diferentes fontes documentais, xa sexan en papel ou electrónicas, contando coa guía do profesor, contrastando a información nelas recollidas coa xa posuída e coa doutras fontes. É esencial manter unha actitude crítica e aberta no proceso.
Lecturas	O profesor achegaralle oportunamente ao estudante unha listaxe cunha serie de lecturas obrigatorias, que deberá ter lido no momento que aquel lle indique. As lecturas obrigatorias proporcionaranlle ao estudante os coñecementos básicos necesarios para poder comprender e aproveitar adecuadamente os contidos e métodos de análise que se tratan nas sesións presenciais. Ademais, o profesor tamén poderá achegarlle ao alumno (i) lecturas complementarias e/ou optativas que aprofunden nos contidos tratados ou considere recomendables, e (ii) fontes bibliográficas para a realización dos traballos e/ou actividades que se lle encomenden.
Traballos tutelados	O estudante deberá elaborar un traballo tutelado de carácter investigador, no que demostre os coñecementos e competencias acadados. Non se tratará dun tema cuxas características sexan determinados polo profesor, senón dunha serie de problemas teórico-prácticos que o estudante deberá resolver. O profesor fará un seguimento do estudante durante o proceso. Coincide coa proba mixta.
Solución de problemas	Plantexaremos problemas para cuxa solución precisemos decidir que técnica/s de análise convén empregar, cal é a mellor estratexia de resolución, onde podemos obter información que nos axude... Con esta forma de traballo preténdese que o estudante sexa flexible e creativo na súa forma de traballo, á vez que esixente coa cientificidade do proceso de resolución escollido.
Estudo de casos	Con este método preténdese que o futuro investigador aprenda a traballar con situacións reais de xeito colaborativo, valorando a posición e argumentación dos demais e sabendo expor e defender de forma adecuada e convincente as propias. É importante que neste proceso saiba aproveitar, e non só respectar, as ideas alleas, integrándoas e recoñecendo a súa fonte, así como a que a súa propia aportación sexa recollida e recoñecida polos outros. Esta metodoloxía está fortemente vinculada á solución de problemas.
Obradoiro	Esta será a forma básica de traballo do curso: utilizaremos distintas metodoloxías para ir desenvolvendo os contidos da materia, pero todas elas procurarán conectar en todo momento. Plantexaremos para isto breves debates sobre cuestións específicas, invitaremos a resolver pequenos problemas, traballaremos de forma colaborativa contrastando distintos métodos de análise e descrición dos fenómenos fonéticos, ...
Proba mixta	Baixo esta etiqueta recóllese unha serie de actividades eminentemente prácticas de diferente carácter, propósito e nivel de dificultade, que suporán unha parte substancial da cualificación do curso. Tratarase de estudos de caso, problemas teóricos e aplicados, análises e/ou tratamento de datos que requiren do estudante que saiba aplicar os coñecementos e habilidades mínimos esixidos.

Atención personalizada



Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Solución de problemas Estudo de casos Obradoiro Proba mixta	<p>A atención personalizada será unha constante: o profesor fará un seguimento particular de cada alumno, e prestará especial atención á súa adicación, interese por aprender, a súa adquisición de novos coñecementos e habilidades e como integra os novos coñecementos cos xa posuídos.</p> <p>A atención persoalizada é especialmente relevante á hora de elaborar o traballo tutelado e resolver os problemas plantexados nas actividades da proba mixta: o estudante deberá atender puntualmente as entrevistas que o profesor lle sinale, e seguir as súas indicacións.</p> <p>Os estudantes poderán ademais solicitar atención individualizada do profesor cando o estimen necesario, seguindo o procedemento (correo electrónico, cita previa, titorías localizadas...) que este lles indique ao inicio das sesións presenciais.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados		Un traballo tutelado de carácter investigador. Lea atentamente o apartado de observacións.	40
Obradoiro		Esta porcentaxe corresponde á lectura e aproveitamento dos materiais, á participación activa na aula e ao desempeño xeral do estudante. Lea atentamente o apartado de observacións.	10
Proba mixta		Baixo esta etiqueta recollemos as distintas actividades avaliáveis de carácter esencialmente práctico que deberá realizar o estudante. Lea atentamente o apartado de observacións.	50

Observacións avaliación
<p>Por esixencia do deseño da aplicación coa que se elabora esta guía docente, as porcentaxes ofrecidas arriba non se corresponden ben coas metodoloxías ás que se adxudican. Lea atentamente a información que segue.</p> <p>1. É imprescindible asistir ás sesións presenciais, dado o plantexamento teórico-aplicado que se fai da materia.</p> <p>2. A cualificación do estudante responderá ás seguintes porcentaxes:</p> <p>2.1. O estudante recibirá un 20% da súa cualificación final pola lectura e aproveitamento dos materiais, a súa participación activa nas aulas e o seu desempeño xeral. 2.2. Obterá un 80% pola realización de varias actividades: nelas plantexaráselle problemas e casos prácticos para cuxa solución deberá aplicar os coñecementos e habilidades adquiridos.</p> <p>3. No caso de non acadar o aprobado ou non presentarse, os alumnos contan cunha segunda oportunidade en xullo de 2013. Nela deberán completar as actividades e/ou traballos avaliáveis encomendados e non entregados, ou realizar outros novos segundo as indicacións do profesor. O reparto porcentual será idéntico ao da primeira oportunidade. 4. Os estudantes que teñan unha dispensa académica oficial recibirán o 100% da súa cualificación polas actividades avaliáveis de curso que se encomenden.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA Primeira parte da materia (apartados 1-6 do temario) Aguilar, Lourdes (2010). Vocales en grupo (= Cuadernos de Lengua Española; 110). Madrid: Arco/Libros.Ashby, Michael & John Maidment (2005). Introducing Phonetic Science (= Cambridge Introductions to Language and Linguistics). Cambridge: Cambridge University Press.Ball, Martin J. & Joan Rahilly (1999). Phonetics: The Science of Speech. London: Arnold Publishers.Coleman, John (2005). Introducing Speech and Language Processing [with CD-ROM] (= Cambridge Introductions to Language and Linguistics.) Cambridge: Cambridge University Press.Davenport, Mike & S. J. Hannahs (1998). Introducing Phonetics and Phonology. London: Arnold. Fernández Planas, Ana M. (2005). Así se habla. Nociones fundamentales de fonética general y española. Apuntes de catalán, gallego y euskara (= Colección Manuales; 1). Barcelona: Horsori Editorial.Gil Fernández, Juana (1988). Los sonidos del lenguaje (= Textos de Apoyo. Lingüística; 3). Madrid: Síntesis.Handke, Jürgen (2000). The Mouton Interactive Introduction to Phonetics and Phonology (CD-ROM). Berlin & New York: Mouton de Gruyter.Hewlett, Nigel & Janet Beck (2010). An Introduction to the Science of Phonetics. London & New York: RoutledgeHidalgo Navarro, Antonio (2006): Aspectos de la entonación española: viejos y nuevos enfoques (= Cuadernos de Lengua Española; 89). Madrid: Arco Libros.Hidalgo Navarro, Antonio & Mercedes Quilis Merín (2002, 20042). Fonética y fonología españolas. València: Tirant lo Blanch.International Phonetic Association (1999). Handbook of the International Phonetic Association. Cambridge: Cambridge University Press.Johnson, Keith (1997, 20022). Acoustic and Auditory Phonetics. Oxford & Malden, MA: Blackwell.Ladefoged, Peter (2003). Phonetic Data Analysis: An Introduction to Fieldwork and Instrumental Techniques. Oxford: Blackwell.Ladefoged, Peter & Ian Maddieson (1996). The Sounds of the World's Languages. Oxford: Blackwell.Ladefoged, Peter & Keith Johnson (20116). A Course in Phonetics [with CD-ROM]. Boston, MA: Thomson Wadsworth. [Quinta edición da obra con Peter Ladefoged como único autor: 20065]Ladefoged, Peter & Sandra Ferrari Disner (20123). Vowels and Consonants: An Introduction to the Sounds of Languages. Oxford & Malden, MA: John Wiley and Sons. [Edición orixinal só de Peter Ladefoged: 2001.]Laver, John (1994). Principles of Phonetics (= Cambridge Textbooks in Linguistics). Cambridge: Cambridge University Press.Llisterri Boix, Joaquim (1991). Introducción a la fonética: el método experimental (= Autores, Textos y Temas. Lingüística; 3). Barcelona: Anthropos.Lodge, Ken (2009). A Critical Introduction to Phonetics (= Continuum Critical Introductions to Linguistics). London & New York: Continuum Press.Martínez Celdrán, Eugenio (1984). Fonética. Barcelona: Teide.Martínez Celdrán, Eugenio (1996, 20032). El sonido en la comunicación humana (= Lenguaje y Comunicación; 8). Barcelona: Octaedro. [Trad. ao galego: Introducción á fonética: o son na comunicación humana (= Manuais; 4). Vigo: Editorial Galaxia, 2002.]Martínez Celdrán, Eugenio (1998, 20072). Análisis espectrográfico de los sonidos del habla (= Ariel Lingüística). Barcelona: Ariel.Martínez Celdrán, Eugenio & Ana M. Fernández Planas (2007). Manual de fonética española: articulaciones y sonidos del español (= Ariel Lingüística). Barcelona: Ariel.Prieto, Pilar (ed.) (2003). Teorías de la entonación (= Ariel Lingüística). Barcelona: Ariel.Quilis, Antonio (1993). Tratado de fonología y fonética españolas (= Biblioteca Románica Hispánica. Manuales; 74). Madrid: Gredos.Reetz, Henning & Allard Jongman (2008). Phonetics: Transcription, Production, Acoustics, and Perception (= Blackwell Textbooks in Linguistics Series). Cambridge, MA: Blackwell. **BIBLIOGRAFÍA BÁSICA** Segunda parte da materia (apartados 7-14) Aguilar, Lourdes (1997). De la vocal a la consonante (= Lucus-Lingua; 3). Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.Alcros Llorach, Emilio (1950). Fonología Española. Madrid: Gredos, 19914.de Lacy, Paul (ed.) (2007). The Cambridge Handbook of Phonology. Cambridge: Cambridge University Press.D'Introno, Francesco, Enrique del Teso & Rosemary Weston (1995). Fonética y fonología actual del español. Madrid: Cátedra.Gallardo Paúls, Beatriz (2000). ¿Universales fonológicos?. En Beatriz Gallardo Paúls (2000). Evolución de lenguas y tipología. València: Tirant lo Blanch, 122-136.Gil Fernández, Juana (ed.) (2000). Panorama de la fonología española actual (= Bibliotheca Philologica). Madrid: Arco/Libros.Gussenhoven, Carlos & Haike Jacobs (1998). Understanding Phonology (= Understanding Language Series). London & New York: Arnold Publishers.Hayes, Bruce (2009). Introductory Phonology (= Blackwell Textbooks in Linguistics; 23). Malden, MA & Oxford: John Wiley & Sons.Jakobson, Roman & Morris Halle (1956). Fundamentals of Language: I. Phonology and Phonetics. The Hague: Mouton. Tr. esp. de C. Piera: Fundamentos del lenguaje . Madrid: Ayuso, 19732.Ladefoged, Peter(2003). ¿Las razones profundas de los universales fonéticos?. En Ricardo Mairal & Juana Gil (eds.) (2003). En torno a los universales lingüísticos. Madrid: Cambridge University Press.Martinet, André (1960). Éléments de linguistique générale. Paris: Armand Colin. Tr. esp. de J. Calonge Ruiz: Elementos de lingüística general. Madrid: Gredos, 19722.Martinet, André (1965). La



linguistique synchronique. Études et recherches. Paris: P.U.F. Tr. esp. de F. Marcos: La lingüística sincrónica. Estudios e investigaciónes. Madrid: Gredos, reimpr. 1978. Martínez Celdrán, Eugenio (1989). Fonología general y española. Barcelona: Teide, 13-62. Moreno Cabrera, Juan Carlos (1997). ¿Universales fonológicos y tipología fonológica?. En Juan Carlos Moreno Cabrera (1997). Introducción a la lingüística. Enfoque tipológico y universalista. Madrid: Síntesis, 99-127. Muljagic, Jakob (1969). Fonología generale e fonología della lingua italiana. Bologna: Il Mulino, 1969. Tr. esp. de E. Feliu: Fonología General. Revisión crítica de las nuevas corrientes fonológicas. Barcelona: Laia, 1982. Odden, David (2005). Introducing Phonology (= Cambridge Introductions to Language and Linguistics). Cambridge: Cambridge University Press. Silverman, David (2006). A Critical Introduction to Phonology: Of Sound, Mind and Body (= Continuum Critical Introductions to Linguistics). London & New York: Continuum Press. Trubetzky, Nikolai S. (1939). Grundzüge der Phonologie. Göttingen: Vandenhoeck & Ruprecht, 1958. Trad. esp. de D. García Giordano: Principios de Fonología. Madrid: Cincel, 1976. Veiga Arias, A. (1998). Estudios lingüísticos. Edición a cargo de María Rosa Pérez y Alexandre Veiga. Sada: Seminario de Estudios Galegos - Edición do Castro. Veiga, Alexandre (2002). El subsistema vocálico español (= Lucus-Lingua; 11). Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. Veiga Alexandre (2009). El componente fónico de la lengua. Estudios fonológicos (= Onoma; 2). Lugo: Axac. OBRAS DE REFERENCIA Alcaraz Varó, Enrique & María Antonia Martínez Linares (2004). Diccionario de lingüística moderna (= Ariel Referencia). Barcelona: Ariel. Brown, Keith (ed.) (2006). Encyclopedia of Language and Linguistics; 14 vols. Amsterdam & Boston, MA: Elsevier. Crystal, David (1987). Enciclopedia del lenguaje de la Universidad de Cambridge. Madrid: Taurus, 1994. [Orix. inglés: The Cambridge Encyclopedia of Language. Cambridge: Cambridge University Press, 1987.] [Hai nova edición en inglés: David Crystal (2010). The Cambridge Encyclopedia of Language. Cambridge: Cambridge University Press.] Crystal, David (1999). Diccionario de lingüística y fonética (= Universidad Textos). Barcelona: Octaedro, 1999. [Orix.: A Dictionary of Linguistics and Phonetics. Oxford: Blackwell, 1997.] Hardcastle, William J. & John Laver (eds.) (1997). The Handbook of Phonetic Sciences. Oxford: Blackwell. Trask, Robert Lawrence (1996). A Dictionary of Phonetics and Phonology. London: Routledge.



Bibliografía complementaria	<p>De estímulo oportuno, os profesores proporcionarán bibliografía complementaria durante as sesións presenciais do curso ou, individualizadamente, para realizar os traballos e actividades encomendados. ALGUNHAS PÁXINAS WEB DE CONSULTA? http://www.fon.hum.uva.nl/praat/ (programa de análise fonética Praat; neste enderezo poden atoparse versións do programa para distintas plataformas, manuais de usuario, mesmo doutros investigadores, aclaracións, resolución de problemas habituais, ?)? http://www.langsci.ucl.ac.uk/ipa/ (International Phonetics Association)? http://www.sil.org/ (Summer Institute of Linguistics)? http://www.sil.org/computing/speechtools/download.htm (Speech Tools do Summer Institute of Linguistics)? http://www.linguistics.ucla.edu/people/ladefoge/ (páxina de Peter Ladefoged)? http://liceu.uab.es/~joaquim/home.html (páxina de Joaquim Llisterrí)? Diversos manuais actuais teñen tamén unha páxina web con distintos recursos gráficos e audiovisuais: véxanse por exemplo os manuais de fonética e fonoloxía editados na colección Cambridge Introductions to Language and Linguistics de Cambridge University Press, ou a páxina web de Peter Ladefoged, onde se ofrecen materiais en formato electrónico vinculados ás súas obras.</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Como xa se sinalou, é imprescindible asistir ás sesións presenciais, dado o plantexamento teórico-aplicado da materia. É importante que o estudante faga as lecturas e tarefas encomendadas no prazo sinalado para que poida aproveitar as sesións presenciais, e que resolva o antes posible acudindo ao profesor aqueles problemas ou dúbidas que lle xurdan durante a realización das actividades avaliábeis e o traballo tutelado: o profesor indicarlle por que vías facelo. A adicación, o compromiso coa aprendizaxe e a cualidade expositiva deben adecuarse aos dun futuro investigador.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías